
Plan de acción titorial

CEIP Plurilingüe
Manuel Murguía

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CONCEPTO DE TITORÍA	3
3. RAZÓN QUE XUSTIFICAN A FIGURA DO TITOR/A	3
4. CUALIDADES DO TITOR/A	4
5. OBXETIVOS DA ACCIÓN TITORIAL	5
5.1. En relación co alumnado	5
5.2. En relación co profesorado	6
5.3. En relación cos pais/nais dos alumnos/as	6
6. CONTIDOS DA ACCIÓN TITORIAL	6
6.1. En relación co alumnado	7
6.2. En relación co profesorado	7
6.3. En relación cos pais/nais dos alumnos/as	7
7. ACTIVIDADES DO/A TITOR/A	8
7.1. Respecto ao alumnado.....	8
7.2. Respecto ao profesorado.....	12
7.3. Respecto aos pais/nais dos alumnos/as.....	13
8. EXEMPLOS DE ACTIVIDADES TIPO	17
8.1. Conciencia e regulación emocional.....	17
8.2. Relación, funcionamento e cohesión grupal.....	20
8.3. Desenvolvemento persoal.....	24
9. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	27

1. INTRODUCCIÓN

A **acción tutorial** foi recollida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) (artigos 18 e 91); tamén pola lexislación autonómica que desenvolve o currículo desta etapa na nosa comunidade, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 17). En Galicia, as funcións da titoría están recollidas e ampliadas no Regulamento Orgánico de Centros, formado polo Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e a Orde do 22 de xullo de 1997.

A LOE-LOMCE, no seu artigo 91, establece entre as funcións do profesorado “*a titoría do alumnado, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo*”. Tamén inclúe como funcións “*a orientación académica e profesional deste alumnado; e a información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas e a orientación para que estas cooperen no mesmo*”. Especifica que o documento que recollerá as directrices para levar a cabo a acción tutorial, será o Proxecto Educativo (concretamente, o Plan de Acción Tutorial).

O Decreto 105/2014 di que “*o profesorado titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos/as...*”. Ademais, establece que “*cada grupo de alumnos e alumnas terá un profesor/a titor/a designado/a pola persoa que exerza a dirección, por proposta da xefatura de estudos*”.

Pola súa banda, o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, no capítulo 5 (“Titores”), di: “*establécese que a titoría e a orientación formarán parte da función docente*”. Tamén se determinan as normas de nomeamento, coordinación e as funcións dos titores/as.

A Orde do 22 de xullo de 1997, no capítulo 6 (“Coordinación docente”), concreta criterios de asignación de titorías, a hora semanal de atención a pais ou a reunión de principio de curso.

A Orde do 23 de novembro de 2007, que regula a avaliación da Educación Primaria en Galicia, destaca igualmente a importancia do titor/a. Este/a realizará unha avaliación inicial ao comezo de cada ciclo (o primeiro mes), coordinará as sesións de avaliación, informará ás familias e mesmo primará o seu criterio ao decidir sobre a promoción das súas titorandos. Actualmente, coa desaparición dos ciclos en Educación Primaria, esta avaliación inicial realízase a principio de cada curso.

Así as cousas, somos quen de afirmar que a tutoría constitúe un elemento propio da tarefa docente e do currículo, ao tempo que posibilita a atención personalizada dos alumnos/as. O labor tutorial pode identificarse coa función educativa propiamente dita.

O obxectivo principal da acción tutorial é conseguir un desenvolvemento integral do alumno/a, que lle permita afrontar as diferentes situacións que irá atopando na súa vida.

2. CONCEPTO DE TUTORÍA

Tal e como se establece a nivel legal e desde a perspectiva pedagóxica actual lexislativa, **todo docente exercerá a acción tutorial**. Así, no conxunto da etapa, a acción tutorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado, co obxectivo de favorecer o desenvolvemento escolar de cada neno/a en todas as súas dimensións (académica e profesional, aprendizaxe, atención á diversidade e desenvolvemento persoal, relacións...).

A pesar de que todo o profesorado estea implicado na acción tutorial, será preciso que un/unha asuma a responsabilidade de coordinar as accións antes indicadas e a todos os axentes implicados. Ese responsable será o titor/a do grupo.

A tutoría é, por tanto, unha actividade compartida, planificada, responsabilidade de todo o profesorado (e non só do titor/a concreto dun grupo) que ten que ver coa **guía e orientación** personalizada de cada alumno/a, con respecto a todos os aspectos que levan a cabo no centro escolar, para un **desenvolvemento académico e persoal** o máis completo posible.

LÁZARO e ASENSI (1987) definen a **tutoría** como “*unha actividade inherente á función do profesor, que se realiza individual e colectivamente cos alumnos/as dun grupo de clase, co fin de facilitar a integración persoal e os procesos de aprendizaxe*”.

3. RAZÓNS QUE XUSTIFICAN A FIGURA DO TITOR/A

Entre outras, pódense citar as seguintes:

- Pluralidade de mestres/as que interactúan con cada grupo de alumnos/as.

- Variedade de obxectivos educativos.
- Necesidade da intervención do/a titor/a na detección das necesidades específicas de apoio educativo, nas adaptacións curriculares dos/das seus/súas alumnos/as, na coordinación do proceso de avaliación do seu grupo, etc.
- Importancia de coñecer as circunstancias sociais, familiares e escolares dos/as seus/súas alumnos/as.
- Cada grupo ten a súa propia dinámica e o seu propio proceso madurativo, así como as súas singulares características.

4. CUALIDADES DO TITOR/A

Segundo a **ORTEGA** (1988), un bo titor/a debe ter as seguintes cualidades:

- ❖ Comprensivo/a, tolerante, non esixente, que favoreza un clima distendido e de respecto mutuo.
- ❖ Que saiba escoitar e ser receptivo/a.
- ❖ Que mostre interese polos nenos/as, por axudarlles e orientarlles a nivel individual e grupal.
- ❖ Que respecte a iniciativa dos alumnos/as.

Pola súa banda, **GALVE** e **GARCÍA** (1992) destacan que un bo titor ten que saber:

- Transmitir afecto, sen chegar a ser sobreprotector/a.
- Exercer a autoridade no momento adecuado (aínda que non deberá actuar autoritariamente).
- Axudar ao alumno/a en o maior número posible de áreas da súa vida.
- Motivar e activar ao alumno/a sen crearlle ansiedade.
- Educar: formar e informar. En suma, axudar a aprender.
- Esixir sen ter que castigar.
- Prestar atención no momento adecuado, xa que a atención é un reforzador positivo que contribúe ao mantemento tanto de condutas adecuadas como inadecuadas.
- Saber as contradicións e inseguridades de cada idade.

5. OBXECTIVOS DA ACCIÓN TITORIAL

Traballaranse os seguintes obxectivos:

5.1. En relación co alumnado

- ✓ Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas.
- ✓ Fomentar a integración do novo alumnado desenvolvendo o programa de acollida.
- ✓ Dar a coñecer as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) e o Plan de convivencia.
- ✓ Contribuír á formación integral do alumnado, fomentando á participación na toma de decisións e na solución dialogada de conflitos.
- ✓ Contribuír á personalización do ensino mediante a avaliación inicial dos alumnos/as en Educación Infantil e Primaria.
- ✓ Detectar as dificultades e necesidades educativas dos/as alumnos/as para, coa colaboración do Departamento de Orientación, levar a cabo os reforzos educativos e/ou adaptacións curriculares.
- ✓ Coñecer o ambiente sociofamiliar e escolar do alumnado.
- ✓ Atender as necesidades dos seus alumnos/as no tempo de lecer.
- ✓ Orientar as demandas e inquedanzas dos seus alumnos/as e mediar ante a comunidade educativa.
- ✓ Orientar aos/ás alumnos/as no seu proceso formativo.
- ✓ Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo, e a decisión axeitada adoptando de xeito colexiado a decisión que proceda no que atinxe á promoción.
- ✓ Incorporar a convivencia dentro das sesións de avaliación dos grupos.
- ✓ Cumprimentar a documentación oficial relativa ao seu grupo de alumnos/as.
- ✓ Controlar a puntualidade e o absentismo e informar a xefatura de estudos e a familia.

En xeral, os titores/as desenvolverán o seu labor durante todo o ciclo en Educación Infantil e durante dous cursos en Educación Primaria, agás circunstancias excepcionais.

5.2. En relación co profesorado

- ✓ Fomentar a integración do novo profesorado, desenvolvendo o plan de acollida.
- ✓ Coordinar a intervención dos diversos mestres/as sobre o grupo de alumnos/as, ao igual que o proceso de avaliación do mesmo.
- ✓ Coordinar o axuste das programacións ás necesidades educativas dos/as seus/súas alumnos/as, sobre todo cando se trata de necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ Colaborar cos demais titores/as no marco do Proxecto Educativo.
- ✓ Informar das necesidades específicas de apoio educativo ao resto do equipo docente.
- ✓ De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- ✓ Colaborar, na medida do posible, co Departamento de Orientación do centro, especialmente na detección precoz de dificultades de convivencia.
- ✓ Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial.
- ✓ Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos/as alumnos/as.
- ✓ Unificar medidas e procedementos de intervención e modelos de informes.
- ✓ Establecer unha liña de coordinación entre os distintos niveis, ciclos e etapas.
- ✓ Incorporar un informe sobre a convivencia á memoria anual de cada curso.

5.3. En relación cos pais/nais dos alumnos/as

- ✓ Informar aos pais e nais sobre o proceso educativo dos/as seus/súas fillos/fillas.
- ✓ Favorecer, no posible, a súa participación na función educativa do centro.
- ✓ Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos/as seus/súas fillos/as.
- ✓ Proporcionar aos pais e nais información documental do centro.
- ✓ Informar ao Consello Escolar da situación da convivencia no centro.

6. CONTIDOS DA ACCIÓN TUTORIAL

Traballaranse os seguintes contidos:

6.1. En relación co alumnado

- ✓ O grupo aula. Características individuais e grupais.
- ✓ Plan de acollida e aplicación do mesmo ao novo alumnado.
- ✓ Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) e normas da aula.
- ✓ Plan de Convivencia e normas de convivencia.
- ✓ O diálogo como solución de conflitos. Toma de decisións consensuadas.
- ✓ Avaliación Inicial.
- ✓ Atención a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).
- ✓ Organización dos tempos de lecer.
- ✓ Orientación do alumnado.
- ✓ Avaliación trimestral, final e decisións sobre a promoción do alumnado.
- ✓ O estado da convivencia.
- ✓ Puntualidade e absentismo.

6.2. En relación co profesorado

- ✓ O equipo docente. Profesorado de novo ingreso e substituto.
- ✓ Pautas de coordinación entre o equipo docente de cada curso, así como das diferentes etapas.
- ✓ Coordinación e concreción das programacións didácticas.
- ✓ Concrecións para a aula do Proxecto educativo e da Programación Xeral Anual (PXA).
- ✓ Detección precoz e atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)
- ✓ Criterios e acordos sobre a avaliación.
- ✓ Aplicación na aula do Plan de Acción Tutorial (PAT).
- ✓ Modelos e informes. Pautas comúns ao longo da etapa e no curso.
- ✓ O estado da convivencia.

6.3. En relación cos pais/nais dos alumnos/as

- ✓ Información ás familias: As reunións de principio de curso terán lugar entre a última semana de setembro e a primeira de outubro. Nela, ao menos, trataranse os seguintes puntos:
 - Calendario escolar, horarios e titorías.

- Actividades complementarias.
 - NOF, incidindo en todo o relativo ás entradas/saídas (dentro e fóra do horario escolar), impresos e autorizacións a cubrir.
 - Plan de convivencia.
 - Protocolo de actuación en caso de accidentes na escola.
 - Protocolo a seguir na tramitación de calquera inquedanza da familia relativa ao contexto académico/escolar.
 - Calquera outra que os titores/as consideren necesaria.
- ✓ Colaboración das familias nas actividades do centro
 - ✓ Apoio e orientación aos pais, nais e/ou titores/as legais.
 - ✓ Difusión dos documentos do centro.

7. ACTIVIDADES DO/A TITOR/A

En relación coas funcións anteriormente mencionadas, trataranse de levar a cabo as seguintes actividades:

7.1. Respecto ao alumnado

7.1.1. Adaptación do alumno/a ao seu grupo e ao centro (principio de curso)

- Facilitar en todo o posible a adaptación dos novos alumnos/as á nosa escola, seguindo as directrices do Plan de acollida.
- É conveniente, asemade, pensar nun agrupamento flexible da clase, que en calquera momento poderá ser susceptible de cambio en función das necesidades específicas dos alumnos/as.

7.1.2. Coñecemento dos seus dereitos e deberes e das normas de convivencia, así como do funcionamento xeral do centro

O noso centro dispón dun Plan de convivencia, que debe ser o referente fundamental dos titores/as neste sentido. Neste documento especificanse os principios básicos a seguir.

Polo xeral tentarase que o coñecemento das normas sexa asumido por todos/as como factores que van mellorar a convivencia, non como algo que nos vén imposto. Para iso podemos:

- Dar normas elementais de aula, en asemblea, segundo a idade dos/as nenos/as.
- Elaborar conxuntamente as normas de aula, en asemblea, e as consecuencias do seu incumprimento.
- Traballar na clase as normas establecidas, ilustrándoas, coloreando...
- Colocar as normas nun lugar visible da clase.
- Coñecer e asumir vivencialmente as normas existentes no NOF e no Plan de convivencia do centro.

7.1.3. Elección de encargados/as de xeito rotativo

O feito de nomear responsables pode levar aos/ás nenos/as a considerar as cousas de uso común como algo máis súas; co cal, o seu emprego e control será máis coidadoso. Por outra banda, é positivo que os/as nenos/as, dende ben pequenos, asuman responsabilidades que sabemos poden cumprir. Séntense máis importantes pola confianza que se deposita na súa capacidade para realizalas.

Unha posible organización podería ser a seguinte:

- Nomear encargados/as de xeito rotativo en períodos semanais ou quincenais.
- Os/as encargados/as irán, ao longo do curso, desempeñando sinxelas responsabilidades: repartir material do grupo, colocar prendas de abrigo, regar as plantas, etc.
- Nomear encargados/as de xeito rotatorio para responsabilizarse do reparto e recollida do material da clase.
- Elixir delegado/a e subdelegado/a en asemblea, para todo o curso.

7.1.4. Favorecer unha dinámica de convivencia, integración e participación dentro do grupo

Para o seu desenvolvemento podemos:

- Variar a agrupación durante o curso para favorecer a integración e coñecemento de todos/as os/as alumnos/as entre si.
- Respectar a quenda de palabra en actividades de gran grupo.
- Manter entrevistas, conversas individuais con todos/as e cada un/ha dos/as alumnos/as, sempre que sexa necesario.
- Celebrar asembleas para discutir e comentar problemas de convivencia e aprendizaxe que sexan comúns.

- Traballar en grupo sobre un tema en concreto, repartindo os propios alumnos/as as funcións.

7.1.5. Obter información sobre a situación persoal, escolar, familiar e social dos/as seus/súas alumnos/as

Recollerase, principalmente, información dos/as alumnos/as de tres anos (4º de Educación Infantil) e dos novos/as do centro.

Algúns dos recursos a empregar para a obtención da información son:

- Ao comezo de cada ciclo (Educación Infantil) e curso (Educación Primaria) e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior correspondentes ao seu alumnado e completárase coa información obtida das familias. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumno/a.
- Obter información por medio dos informes remitidos polo centro de procedencia, da súa familia, e mesmo de persoas ou institucións alleas ao centro, que tiveran algunha relación co/a alumno/a en cuestión (servizos sociais, concello, servizos médicos, etc.).
- Cuestionarios sobre hábitos, costumes, personalidade... a cumprimentar polos pais e nais.
- Observación directa dos seus traballos e actitudes ao longo do curso.
- Pasar algunha proba de nivel ao comezo de cada curso, especialmente o profesorado de nova incorporación ao centro, xa que ten un maior descoñecemento do alumnado.
- Elaborar informes sobre o rendemento escolar e actitudes de cada alumno/a ao remate de curso, para informar aos/as propios/as alumnos/as, pais e nais e mestres/as de nova incorporación.

7.1.6. Actividades de autoestima e desenvolvemento de habilidades básicas

É importante para calquera aprendizaxe a confianza do/a alumno/a en si mesmo/a, así como a aceptación das súas propias limitacións. No proceso de ensinanza/aprendizaxe resulta primordial potenciar o desenvolvemento das habilidades de cada alumno/a en particular.

A este respecto, é difícil atopar actividades concretas a realizar. Trátase máis ben dunhas ideas, dunha filosofía docente que intentamos levar á práctica co noso grupo de alumnos/as. Algunhas ideas serían:

- Coñecemento, a través da observación de cada alumno/a.
- Ante situacións e traballos incorrectos, a corrección farase en positivo, tratando de motivar ao neno/a coa nosa confianza e facéndolle ver que o sabe facer mellor.
- Debemos expor os traballos de todos/as os/as alumnos/as, non so os máis bonitos e mellores, para evitar transmitir tacitamente ao alumnado, que o que non é bo queda fóra.
- Coñecidas as capacidades dos/as alumnos/as menos dotados, potenciar, de forma verbal, calquera logro ou mellora.
- É importante dar responsabilidades aos menos eficaces en rendemento escolar, especialmente naquelas actividades nas que destaquen (deportes, ordenación de material, actividades de tipo máis lúdico, etc.), valorando a súa eficiencia (Educación Primaria).

7.1.7. Actividades relacionadas coas técnicas de estudo ou habilidades do pensamento (aprender a aprender)

Obxectivo imprescindible para acadar as aprendizaxes significativas que propugna Ausubel. É probable que esixa por parte dos nenos/as un maior esforzo persoal para fixar conceptos, así como un traballo máis autónomo e personalizado. É o momento de inicialos en sinxelas e elementais técnicas que favorezan a adquisición de hábitos que nun futuro poidan facilitarlles a aprendizaxe. Empregaranse recursos como:

- A principio de curso realizarán un horario persoal, organizando o seu tempo libre na casa, sempre mantendo un traballo cooperativo cos pais/nais para asesoralos sobre o mesmo, para que os seus fillos/as acaden maiores cotas de autonomía e de autocontrol, que favoreza a súa autoestima.
- Nos cursos máis altos, como traballo de clase realizarán resumos, sinxelos esquemas e mapas conceptuais de actividades que se presten a iso (clasificacións e/ou características, animais, plantas, polígonos...). Estes traballos serán corrixidos como unha actividade máis, co obxectivo de darlle a importancia que realmente teñen e, ao mesmo tempo, facilitar o seu estudo.
- Aínda que dende o paradigma construtivista da educación o realmente interesante son as habilidades do pensamento na construción do coñecemento, non podemos nembargante negar o importante papel da memoria para a adquisición de novos coñecementos; de aí que tamén debemos abordar distintas estratexias para memorizar (anotar nun papel,

aprendizaxe de iniciais para unha enumeración, representación mediante sinxelos debuxos, subliñado, resumo, establecemento de relacións, etc.).

7.2. Respecto ao profesorado

7.2.1. Mellora da presente guía de acción tutorial para este centro

- Reunión xeral no último trimestre (especialmente a nivel de titores/as) para valorar a aplicación deste plan e posibles modificacións a introducir de cara ao próximo curso.
- Pódese valorar a última parte do punto anterior na primeira reunión do curso seguinte.

Como aspectos a abordar neste tipo de reunións, cítanse os que seguen:

- ✓ En relación aos/as pais e nais: boletíns informativos trimestrais, informes de final de curso, posibles reunións ou entrevistas, etc.
- ✓ En relación ao profesorado: posible calendario de reunións, informes, etc.
- ✓ En relación ao alumnado: seguimento do Plan de acollida ao alumnado estranxeiro, Plan de convivencia, atención á diversidade, etc.

7.2.2. Resolución de conflitos

En ocasións orixínanse conflitos que, se non son abordados, poden constituír un problema para o normal funcionamento da clase e incluso do centro. As máis das veces, o diálogo será a clave para a súa resolución.

Para a resolución dos conflitos o noso referente é o Plan de convivencia do centro, así como a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa; e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, pola que se desenvolve a Lei 4/2011.

7.2.3. Dar ou recibir información dos/as compañeiros/as sobre aspectos relacionados coa educación dos/as seus/súas alumnos/as

- A principio de curso, cada titor/a recollerá información dos/das seus/súas alumnos/as. Pode facelo entrevistándose co/a titor/a do seu grupo do curso anterior (se é posible), mediante entrevistas cos pais e nais, consultando os expedientes, etc.
- De seguido, sería conveniente que o/a titor/a organizase unha pequena reunión cos mestres/as do seu grupo de alumnos/as para intercambiar toda esa información. Pódese facer a primeira destas reunións a principio de curso e as demais aproveitando as reunións de avaliación.

Todo isto farase verbalmente ou por escrito (informe de final de curso); empregando informes médicos ou doutros profesionais dos que se dispoña. A información relativa a cada alumno/a incluírase na súa carpeta persoal.

7.2.4. Preparación das sesións de avaliación (Educación Primaria):

Realizaranse tres sesións, correspondendo con cada un dos trimestres. Participarán todos os/as mestres/as que interveñen no grupo para consensuar criterios, instrumentos..., para posteriormente analizar os resultados da avaliación.

7.3. Respecto aos/ás pais/nais

Unha das funcións principais do/a titor/a é a de asegurar a conexión da educación familiar e escolar, favorecendo a participación dos pais e nais na educación dos/as seus/súas fillos/as, de xeito coordinado coa escola. Esta coordinación non sempre resulta doada. Implicar aos pais e nais comporta non só un acto de vontade, senón tamén a posta en práctica dunha serie de accións frecuentemente traballosas e de resultado non sempre inmediato.

É imprescindible a necesidade de colaboración entre o profesorado e a familia para a educación dos/as alumnos/as.

7.3.1. Reunións informativas

As reunións de información xeral entre os equipos educativos e os pais e nais dos/as alumnos/as, poden constituír un momento importante de encontro. Serven para transmitir información de orde xeral, non centrada nun/ha alumno/a en particular, e tamén para dialogar sobre temas candentes.

Á hora de planificar unha reunión deste tipo, é preciso ter en conta unha serie de sinxelas consideracións prácticas:

- Horas accesibles para os pais e nais, e tamén para o profesorado que participa neste tipo de reunións.
- Preparación do espazo onde se vai desenvolver a reunión.
- Preparación dos contidos e da metodoloxía a seguir (quen interveñe e en que orde, etc.). É conveniente non deixar lugar á improvisación.
- Ter en conta aspectos como que as reunións por grupo (aula ou nivel) permiten maior participación e diálogo, posibilitando que os pais e nais aclaren dúbidas.

- É conveniente, asemade, deixar un tempo considerable ás intervencións dos pais e nais dos/as alumnos/as, para que poidan preguntar por temas que lles preocupan.
- Sería conveniente -por suposto-, empregar unha linguaxe comprensible, o menos técnica posible, exemplificando o que se di e evitando as alusións concretas.

As reunións informativas cos pais/nais dos/as alumnos/as faranse como e cando se estime que resultan máis operativas e prácticas. Hai centros que só realizan unha ao principio de curso, outros tres, e outros ningunha. Unha completa planificación comprendería tres reunións deste tipo coincidindo con cada un dos trimestres: principio de curso, metade de curso e final de curso:

➤ Reunión de principio de curso. Entre outros poderíanse tratar temas como:

- Presentación do equipo de mestres/as: os pais e nais coñecerán aos/ás mestres/as dos/as seus/súas fillos/as (titores/as, especialistas, profesorado de apoio, etc.).
- As catro ou cinco liñas xerais do proxecto educativo do centro, de forma breve e comprensible.
- Organización xeral e normas máis importantes: horarios, calendario escolar, puntualidade, xustificación de ausencias, horario de titorías, réxime disciplinar, etc. Este apartado sería máis operativo aportando información por escrito aos asistentes, para que non dea sensación de imposición imperativa, comentando de forma breve o que puidese dar orixe a confusión e facendo ver a necesidade de establecer unhas normas de convivencia que todos debemos cumprir.
- Momentos e plantexamentos: distribución do tempo (obrigas escolares, familiares, tempo de xogo e lecer, etc.), importancia do xogo e as relacións persoais entre semellantes...
- Actividades extraescolares (se é o caso): descrición, finalidade, posible organización, normas, de participación...
- Comedor escolar: funcionamento, persoal responsable, dereito a comedor, etc.
- Colaboración familiar: imprescindible no proceso educativo (por medio de entrevistas, cuestionarios, información por escrito...).
- Referente ás preguntas dos/as pais/nais: É necesario que poidan expor, preguntar, aclarar... Ás veces recíbense opinións contrarias, pouco axeitadas e incluso molestas. É necesario manter a serenidade, evitando enfrontamentos e dando exemplo dunha normalización educativa que todos deberían ter en conta.
- Nas reunións de 4º de Educación Infantil e de 1º de Primaria pódense invitar, se así se estima oportuno, aos pais e nais a visitar as instalacións do colexio.

Darémolles tamén unha información moi xeral de como está estruturado o sistema educativo que van comezar os/as seus/súas fillos/as.

- Reunión de metade de curso. Poderíanse tratar temas do tipo:
 - Resultados xerais da primeira avaliación: breve análise e comentario xeral, como mellorar os resultados, etc.
 - Evolución do curso: interese e motivación, comportamento, atención, etc.
 - Preguntas en xeral dos asistentes: ter en conta o expresado neste mesmo apartado o trimestre anterior.
- Reunión de fin de curso. Poderíanse abordar temas do estilo de:
 - Resultados xerais do curso: comentario xeral, breve análise, modo de poder mellorar os resultados, etc.
 - Actividades extraescolares e culturais: comentario xeral, conclusións, resultados, incidencias, agradecemento á colaboración familiar...
 - Integración dos/as alumnos/as dentro do grupo: respecto, axuda mutua, traballo en equipo, participación...
 - Consellos sobre a planificación do tempo de lecer nas vacacións: repasos, recuperacións, participación en actividades culturais e deportivas, etc.
 - Previsións para o próximo curso: material, planificación, etc.
 - Preguntas dos/as pais/nais: terase en conta o expresado na primeira reunión do curso.

7.3.2. Entrevistas persoais

É unha boa oportunidade para o intercambio de información en torno ao/á neno/a, posta en común e estratexias educativas a desenvolver en adiante.

O horario de tutoría está establecido dentro do horario do centro.

O lugar ordinario onde se celebrarán estas entrevistas será a propia aula. É conveniente que para a realización das mesmas, se lle notifique previamente aos/ás pais/nais: día, hora, lugar e características da visita.

Posteriormente á entrevista, poderíase realizar un breve informe que recollese: con quen se mantivo, data, actitude previa e final e outras observacións que se estimasen oportunas, así como os acordos acadados por ambas partes.

A temporalización destas entrevistas persoais quedarán ao criterio de cada equipo de nivel. Con todo, en xeral, pódense organizar dun xeito parecido a este:

- a) Principio de cada curso: Manterase unha entrevista para o coñecemento persoal, facer intercambio de opinións e solicitude de colaboración conxunta familia-escola.
- b) Final de cada curso: Durante o último trimestre, para tratar asuntos relacionados coa promoción ou non dos/as seus/súas fillos/as e, no caso dos/as alumnos/as do 6º de Primaria, realizar a orientación de cada alumno/a en particular.
- c) Resto de entrevistas: Faranse a petición do propio profesorado ou dos/as pais/nais dos/as alumnos/as. Trataranse temas persoais do neno/a, actitude, atención, esforzo persoal, rendemento, comportamento, integración e problemas que vaian xurdindo ao longo do curso.

7.3.3. Participación dos/as pais/nais na vida do centro

A participación dos/as pais/nais na vida do centro debería potenciarse, polo menos, en certo tipo de actividades que lles permitan ter outra visión do/a seu/súa fillo/a (non só a familiar). Certo é que hai familias que só se preocupan de mandar aos nenos/as á escola e máis nada pero, pouco a pouco, debería ir cambiando esa dinámica.

A actitude participativa dos distintos sectores na estrutura orgánica dos centros escolares, está recollida a nivel lexislativo e non se debería desaproveitar esta circunstancia, xa que enriquece o proceso educativo.

A participación, máis ou menos activa, dos/as pais/nais na vida do centro lévase a cabo dende distintas perspectivas:

- A. ANPA: É conveniente que os pais formen parte desta asociación, non cun labor fiscalizador, senón construtivo e complementario á actividade educativa. Esta faceta debe ser consensuada, sen interferir no horario escolar, pero con actividades que complementen o desenvolvemento evolutivo dos nenos e nenas.
- B. Participación no Consello Escolar: Constituído como outro foro de participación dos pais e nais da vida do centro. Importante vía para recoller opinións que veñan mellorar a marcha educativa do colexio.
- C. Colaboración en tarefas educativas: O labor educativo non é só dos mestres e mestras, senón que debe ser compartido, porque favorece a coordinación familia-escola. Incluso fóra do colexio, os pais e nais teñen a obriga de educar, axudar no posible aos/as seus/súas fillos/as e revisar os traballos realizados no centro, animalos a que rematen as tarefas pendentes e motivar ou reforzar aos/ás nenos/as para que estuden; tanto nas áreas curriculares como en hábitos de convivencia e actitudes.

Con todo, dende o centro debemos ter en conta as posibilidades de colaboración das familias, porque o contexto familiar non sempre se presta a esta clase de mesteres; sen esquecer asemade, o carácter voluntario da participación nestas actividades.

8. EJEMPLOS DE ACTIVIDADES TIPO

Como se comentou no apartado 5, os contidos están organizados en tres grandes bloques fundamentalmente, pero están moi interrelacionados e hai actividades coas que se incide en diferentes contidos:

1. Conciencia e regulación emocional.
2. Relación, funcionamento e cohesión grupal.
 - 2.1. Acollida e integración.
 - 2.2. Funcionamento do grupo.
 - 2.3. Cohesión, interrelación e cooperación.
3. Desenvolvemento persoal.
 - 3.1. Autocoñecemento e autoestima.
 - 3.2. Identidade de xénero.
 - 3.3. Habilidades sociais e resolución de conflitos.

A continuación exemplifícanse algunhas dinámicas e actividades, relacionados cos tipos de contidos.

8.1. Conciencia e regulación emocional

O semáforo.

Daráselle a seguinte mensaxe ao alumnado: *“Imos a utilizar un xogo para cando nos esteamos poñendo nerviosos ou furiosos, enfadados. Vouvos a ensinar como faremos (explícaselle que temos tres luces: vermella para parar; amarela para pensar no que pasou e como nos sentimos; e verde para solucionar buscando alternativas). Cando vexa que nos estamos poñendo nerviosos sacarei a luz vermella, logo a amarela e, se é necesario, a verde”*.

Cabe a posibilidade de adaptar a estratexia e empregar soamente a vermella, por exemplo. Outra posibilidade é que sexan os nenos e nenas os que saquen a luz cando se están a poñer nerviosos.

A tartaruga.

Contarase o seguinte conto:

"Fai moito tempo vivía unha tartaruga xoven e elegante. Tiña 5 anos e chamábase Tartaruguiña. Á Tartaruguiña non lle gustaba ir ó colexio. Prefería estar na casa coa súa nai e o seu irmanciño. Non quería estudar nin aprender nada; só lle gustaba correr e xogar cos seus amigos ou pasar as horas vendo a tele. Parecíalle horrible ter que facer números e máis números, escribir e escribir; e aqueles horribles problemas de matemáticas que nunca entendía.

Odiaba con toda a súa alma ler e facíao bastante mal e era incapaz de acordarse do que lle mandaban facer. Tampouco se acordaba nunca do que tiña que levar ao colexio. Na clase, nunca escoitaba á profesora e pasaba os ratos facendo ruídos que volvían tolos a todos. Cando se aburría, o que sucedía moi a miúdo, interrompía a clase berrando e dicindo parvadas que facían rir a todos. Ás veces, intentaba traballar, pero facíao rápido para rematar canto antes e volvíase tola de rabia cando, ao final, dicíanlle que o fixera mal. Cando isto sucedía rompía as follas en mil anacos. Así pasaban os días.

Cada mañá, camiño do colexio, dicíase a si mesma que ía a esforzarse en todo o posible para que non a castigasen en todo o día. Pero, ao final, sempre acababa metida nalgún lío. Case sempre se enfurecía con alguén, e pelexaba constantemente, aínda que só fose porque cría que quen a empurrara na cola fixérao a propósito. Encontrábase sempre metida en dificultades e empezou a estar farta do colexio. Ademais, unha idea empezou a rondarlle a cabeza: "*son unha tartaruga moi mala*", dicíase. Estivo pensando isto moito tempo sentíndose mal, moi mal.

Un día, cando se sentía máis triste e desanimada que nunca, encontrouse coa tartaruga máis grande e vella da cidade. Era unha tartaruga sabia, tiña polo menos 100 anos e o seu tamaño era enorme. A tartaruga sabia achegouse a Tartaruguiña e preguntoulle que lle ocorría. Tartaruguiña tardou en responder, impresionada por semellante tamaño. Pero a vella tartaruga era tan bondadosa como grande e estaba desexosa de axudala. "*Ola!*", dixo con voz profunda e atronadora, "*vou a contarche un segredo. Non comprendes que levas sobre ti a solución para os problemas que che agobian?*".

Tartaruguiña non sabía de que lle estaba a falar. "*O teu caparazón, o teu caparazón!*", exclamou a tartaruga sabia, "*para iso tes unha coiraza! Podes esconderte no seu interior sempre que te des conta de que o que estás a facer ou dicir che dá rabia. Entón, cando te*

encontres dentro da túa concha disporás dun momento de tranquilidade para estudar o teu problema e buscar a mellor solución. Así que, xa o sabes, a próxima vez que te irrites/enfades, métete inmediatamente no teu caparazón".

Á Tartaruguiña gustoulle a idea e estaba impaciente por probar o seu novo segredo no colexio. Chegou o día seguinte e, de novo, Tartaruguiña cometeu un erro e estropeou unha folla de papel branca. Empezou a ter sentimentos de furia e rabia e, cando estaba a punto de perder a paciencia e romper a folla, acordouse do que lle dixeran a tartaruga vella. Rápida coma un lóstrego encolleu os brazos, as pernas, a cabeza, apertándoos contra o seu corpo, deslizando cara o interior do seu caparazón. Permaneceu así ata que tivo tempo de pensar que era o mellor que podía facer para resolver o problema coa folla. Foi estupendo para ela encontrarse alí tan tranquila e comfortable dentro da súa cuncha, onde ninguén podía molestala. Cando por fin saíu da súa cuncha quedou sorprendida ao ver que a súa mestra lle miraba cun sorriso.

Tartaruguiña explicou que se puxera furiosa porque cometera un erro. A profa díxolle que estaba orgullosa dela porque soubo controlarse. Logo, entre as dúas, resolveron o fallo na folla. Parecía increíble que cunha goma e borrando con coidado, a folla puidera volver a quedar limpa.

Tartaruguiña continuou aplicando o segredo máxico cada vez que tiña problemas, incluso no recreo. Pronto, todos os nenos/as que non querían xogar con ela polas trasnadas que facía descubriron que xa non as facía, nin se enfurruñaba nin se pegaba por calquera motivo”.

Ao remate, despois de traballar con preguntas e tratar de chegar a unha conclusión, podemos propoñerlle utilizar a táctica da tartaruga cando sinta a necesidade de resolver unha situación de forma agresiva.

Posibles preguntas:

- Como se sentía a tartaruga cando tiña que ir ao colexio?
- Tivestes esta sensación de desgana algunha vez?
- Cal era o motivo de que a tartaruga se sentise así?
- Que motivos poden provocar que non queiramos ir ao colexio?
- Ocorrénos moi a miúdo?
- Como poderíamos evitalo?
- Hai situación diferentes fóra do cole nas que tamén podemos ter desgana?
- Temos dereito a aburrirnos no cole? E a ter desinterese?
- Temos dereito a molestar aos demais cando estamos aburridos?

- Que consecuencias pode ter que molestemos aos demais?
- Que podemos facer cando estamos aburridos para non molestar aos compañeiros/as?
- Que podemos facer cando estamos enfadados para non molestar aos demais?
- Gústanos que nos valoren?
- Que podemos facer para que valoren o noso traballo en clase?

Outras posibles tarefas:

- ✓ Debuxar a cara da tartaruga ao inicio do conto, no nó do conto e ao remate e que indiquen con que emoción se senten máis identificados habitualmente.
- ✓ Completar o debuxo de caras con emocións: enfado, ira, aburrimiento, ledicia...
- ✓ Reescribir o conto, pedíndolle a diferentes compoñentes do grupo que o fagan desde a perspectiva de distintos personaxes do conto: (a tartaruga, a compañeira, a profesora...

8.2. Relación, funcionamento e cohesión grupal

Os tipos que hai son os seguintes:

8.2.1. Acollida e integración

A presentación destas actividades podemos facela dicíndolles que imos facer actividades e xogos que nos axudarán a coñecernos mellor, a ser mellores amigos, a que todos saibamos respectarnos e poder aceptarnos mellor uns aos outros... Tamén pode ser preciso facer referencia a que nos servirá para que un compañeiro ou compañeira que chegou de novo poida coñecer ao resto e que nós poidamos coñecer a esa compañeira/o. Por exemplo:

O tren dos nomes.

Séntanse en círculo, se pode ser. Comeza un xogador/a facendo de máquina locomotora, dando voltas arredor do círculo, imitando unha máquina de carbón. Cada volta, por exemplo, detense diante doutro membro do grupo (unha estación) e di en alto o seu nome. Este engáñase á locomotora e continúa a viaxe ata a seguinte estación, onde se repite a acción anterior. A partir de aquí, segundo o estimemos, caben variantes:

- a) Seguir ata que entre todos formen un tren.

- b) Limitar o número de vagóns do tren e, unha vez que remata a primeira “locomotora”, fai este papel outro membro do grupo, quen escolle a vagóns diferentes dos que escolleu a primeira “locomotora”.
- c) Se non se coñecen, pode ser quen ten que subirse ao tren o que diga o seu nome en vez da “locomotora”.
- d) Tamén se pode facer que unha vez que estea formado o tren, o último “vagón” comeza a facer de “locomotora” e quen facía de “locomotora” quédase no seu sitio (desta forma todos poden facer de “locomotora”).

É real ou imaxinario.

Colócase ao alumnado por parellas, intentando que se coñezan o menos posible. Durante 15 minutos entrevístanse os membros da parella. Cada un presenta á súa parella dando seis datos sobre ela, dos que tres serán verdadeiros e tres falsos. O grupo deberá determinar cales son reais e cales falsos. Tamén podemos comentar coincidencias entre varios nenos ou nenas.

8.2.2. Funcionamento do grupo

Por exemplo:

O labor do responsable.

Explicámoslle cal sería o labor dos responsables de clase e a importancia de que cumpran coas súas funcións. O establecemento das funcións podemos facelo entre todo o grupo de forma “guiada” por nós, se así o estimamos necesario. Tamén podemos adoptar a decisión de que haxa máis dun responsable cada día, de modo que o número de tarefas sexa menor. Tamén establecemos durante canto tempo van exercer, cada canto tempo rotarán. Tamén podemos confeccionar unha lista de control ou unha rúbrica; nela aparecería o nome do/a responsable e as súas funcións ou simplemente os nomes; anotaremos se o fixo ben ou non. A lista permitiranos valorar o grao de cumprimento dos distintos responsables. A valoración podemos facela en grupo ou non, decidindo que quen non cumpra non exercerá durante unha tanda, por exemplo.

As normas.

Trátase de convencer ao grupo da necesidade de que existan unas normas. Para isto, podemos dedicarlle un tempo a comentar se nos xogos hai regras (cabe a posibilidade de

traballar sobre dous ou tres exemplos de xogos), analizar que pasaría se non houberse regras nos xogos, se isto se pode trasladar á clase (se non houberse regras, que ocorrería en tal caso...), ao colexio...

Para os máis maiores podemos traballar tamén aludindo a se nos grupos de amigos hai regras ou non, que normas hai na sociedade, se funcionan, por que... Outra cousa a facer é organizar as normas por categorías (limpeza e orde, convivencia, estudo). Sería interesante que o grupo participe na elaboración, achegando razóns. Agora ben, a decisión última é do adulto. Debemos tratar de que as normas sexan:

- Poucas: 5 ou 6 (por iso, debemos seleccionar aquelas referidas aos aspectos que nos parezan máis fundamentais).
- O máis curtas posible.
- Concretas (“pediremos a vez antes de falar”).
- En positivo, sempre que sexa posible (“Falaremos en voz baixa” en vez” de “Non se debe berrar”).

Outras suxestións:

- Establecer as consecuencias de non respectar as normas: non poder exercer de delegado, non participar en certas actividades, quedarse sen recreo...
- Durante unha boa temporada será preciso recordalas diariamente varias veces: á 1ª hora, á saída do recreo, á entrada da tarde, á saída...
- Non recordarllas cando o estean a facer mal.
- As reprimendas en privado soen ser moito máis eficaces.

8.2.3. Cohesión, interrelación e cooperación

Un par de exemplos son:

A estrela.

Podemos empezar explicando que imos facer un xogo de confianza. Divídese o grupo-clase en subgrupos de nº par (6-8 nenos/as). Cada subgrupo forma un círculo agarrándose das mans e estirando as pernas xuntas cara ao centro do círculo.

Asígnaselle a cada membro do grupo o nº 1 ou 2 de forma alternativa. A continuación díselles que os nº 1 se tiren moi amodiño cara atrás e que os nº 2 terán que aguantalos.

Deseguido serán os nº 2 quen se tiren cara atrás e os 1 os que aguanten para que non caian. Despois intercámbianse.

Unha vez rematado o xogo, comentamos:

- Que dificultades xurdiron e por que.
- Habitualmente fiámonos dos demais; por que é habitual que non nos fiamos/ou si nos fiamos?
- Que é necesario que ocorra, que teñen que facer, para que nos fiamos dos outros neste xogo, e noutras situacións?
- Fiarémonos dalguén que non axuda nunca, que minte?
- Por que nos fiamos máis dalgunhas persoas que doutras?
- É bo fiarse dos demais?

Podemos rematar cun resumo sobre se é bo que nos fiamos reciprocamente e sobre o que pensamos que é necesario facer para que unas persoas se fíen doutras ou que uns nos fiamos dos outros.

O elefante.

Utilízase debuxo dun elefante (ou doutro animal ou obxecto calquera; pero, nestes casos, é necesario inventar unha historia). Tápase o debuxo, agás por unha parte pequena que pode ter a forma dunha pechadura. Collemos grupos de nenos e nenas e a cada un mostrámoslle o debuxo, deixándolle ver unha parte distinta do mesmo. Deben debuxar o que pensan que sería a figura completa.

Para “entrar en situación”, podemos relatarlle unha historia: “Había unha vez seis sabios que vivían na mesma cidade: os seis eran cegos. Un bo día chegou un elefante á cidade. Os seis sabios querían saber como era o elefante. De forma que cada un deles acercouse ao elefante e empezou a palpalo. O primeiro tocoulle unha orella e notou como se movía adiante e atrás. Dixo: “*O elefante é como un abano*”. O segundo tocou unha das patas do elefante e dixo: “*O elefante é como unha árbore*”. “*Estades moi equivocados, o elefante é como unha corda*”, dixo o terceiro, porque lle tocou a cola. O cuarto tocoulle a trompa e berrou: “*Equivocádesvos, o elefante é como unha serpe*”. “*O elefante é como unha lanza*”, dixo o quinto ao tocarlle un dos colmillos. “*Non, non!*”, gritou o sexto. “*Parecedes parvos, o elefante é como unha parede moi alta!*”, porque lle tocara ó elefante polo costado. Cada un dixo unha cousa diferente e nunca se puxeron de acordo sobre como era o elefante”.

A reflexión pode dirixirse cara o feito de que as persoas adoitamos ver as cousas dende o noso punto de vista, pero seguramente é moi conveniente escoitar o que os demais din, porque axuda a formarse unha idea máis completa. E isto remítenos á escoita activa e á cooperación.

8.3. Desenvolvemento persoal

Exemplifícanse os distintos tipos:

8.3.1. Autocoñecemento e autoestima

Por exemplo:

O agasallo.

Consiste en utilizar unha caixa, que se pode decorar como queiramos, para ir metendo nela durante a semana mensaxes para compañeiros/as que nos sorprendan positivamente (“Felicitó a... por...”). Para isto, ao lado da caixa poden ter papeis cortados para escribir neles. Ao remate da semana ábrese a caixa e vanse lendo as mensaxes. No caso de que haxa alguén que non recibira mensaxe, pódese comentar, ver por que, “quitarlle ferro”... Se reiteradamente as mensaxes van dirixidas a determinados compoñentes unicamente, deberíamos insistir en que hai que poñer cousas de todos os nenos/as da clase.

Unha longa viaxe.

Pídeselles que imaxinen que van a emprender unha longa viaxe e que imaxinen cal cren que será a imaxe que recordarán deles os demais. Deben escribir palabras ou frases que representen esa imaxe, aquilo que pensan que é o que máis destaca deles na relación cos demais. Poden reunirse en pequeno grupo ou en gran grupo e comentar o que puxo cada un, por que cre iso, se lle gustaría que dixeran outras cousas ou cambiar algo. Os demais poden ir dicíndolle se é esa realmente a imaxe que teñen ou non. É importante que a idea que quede sexa a de que podemos cambiar as cousas. Para isto, podemos valorar que facer ao respecto.

8.3.2. Identidade de xénero

Farase a seguinte actividade: **Quen fai que?**

Consiste en proporcionarlle ao alumnado unha ficha para que a cumprimenten de forma individual, indicando quen fai cada unha das tarefas na casa. Nun segundo paso,

recompilaremos os datos nunha táboa no encerado: número de tarefas que fai cada membro da familia e como é o reparto entre homes e mulleres.

En base aos datos de todo o grupo, discutiremos acerca de quen fai máis cousas (se é o caso), por que será así (por rol social, porque algún están máis tempo en casa...), se é xusto (no caso de que haxa desequilibrio), se lles parece ben...

8.3.3. Habilidades sociais e resolución de conflitos

Explícanse dous exemplos:

O garabato.

Repárteselle un folio cun garabato a cada membro da clase. A consigna é rematar o debuxo de forma individual e intentando facer o mellor debuxo posible, para unha exposición de clase. Tendo en conta que seguramente todas as producións serán diferentes, trátase de reflexionar sobre o feito de que todos temos a nosa forma de ver as cousas, que ninguén ten toda a razón absoluta e que isto pode ser enriquecedor para todos. Para achegarnos a estas conclusións, empregamos preguntas como:

- A que se deberá que fixeramos debuxos distintos?
- É mellor que sexan diferentes ou sería mellor que fosen iguais?
- Que reflicte maior riqueza?

Dicir que non.

Comezaremos cunha introdución, explicando que é necesario aprender a reaccionar ante situacións ameazantes ou desagradables non desexadas, de xeito que poidamos evitar as consecuencias ou ter que facer algo que non queremos facer.

Hai tres reaccións que se poden considerar adecuadas:

- ✓ Ser asertivo: dicir que non sen danar á outra persoa, pero defendendo os propios dereitos.
- ✓ Buscar axuda en persoas de confianza.
- ✓ Saír da situación tan pronto como se poida.

Logo, dependendo do nivel do alumnado, dáselle unha ficha exemplificando situacións ameazantes (que habería que adaptar segundo a idade) ou vánselle lendo as situacións e que pensen como reaccionar. Deseguido ofrécense algún posibles exemplos. Tamén se farán

escenificacións, ofrecéndolles suxestións, se é necesario. Por exemplo: "*Que farías nestas situacións como estas?*":

- *Uns amigos danche un cigarro.*
- *Ofrécenche alcohol nunha festa.*
- *Dinche que insultes a unha nena/neno.*
- *Unha nena diche que lle rompas o caderno a un neno (ou ao revés).*
- *Unha señora maior pídeche que subas ao seu coche para que lle digas onde está un sitio.*
- *Vas á panadería a por pan e devólvenche diñeiro de menos.*
- *Un amigo devólveche un conto roto.*
- *Uns nenos/as estanse a burlar de ti.*

Pensa noutras situación que viviras ou que coñezas, nas que sería necesario dicir que non porque non che apetece ou son moi perigosas para a túa saúde ou para a túa integridade física.

O consenso.

Colócanse dúas cartolinas separadas na clase: unha con “*Si*” e outra con “*Non*”. Vanse emitindo afirmacións. Por exemplo:

- ❖ *É mellor o domingo que o luns.*
- ❖ *Prefiro viaxar en coche que en tren.*
- ❖ *Gústame xogar máis ao fútbol que ao baloncesto.*
- ❖ *É máis saudable fumar que beber cervexa.*
- ❖ *É mellor estar sentado con alguén do mesmo sexo.*
- ❖ *É máis interesante ler un cómic que ver a tele*

Cada membro da clase vai a situarse a carón da cartolina coa que se identifica ata que estean igualados os grupos *Si* e *Non*, se é posible. A continuación, xúntanse por parellas para analizar o positivo e o negativo da opción adoptada. Deben escribir a decisión de cada un e á que cheguen entre os dous membros. Trátase de que non gane nin perda ninguén, senón de intentar recoller aspectos das dúas opcións.

9. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Deberíase avaliar como un apartado máis dentro da revisión da Programación Xeral Anual (PXA). Podería ser só a finais de curso na memoria anual, ou tamén facer unha avaliación cara á metade do curso. Para iso, cada equipo tería que elaborar un sinxelo informe no que se valorase o grao de realización do Plan e a súa adecuación aos obxectivos que se perseguen.